culturagalega

(http://www.culturagalega.org/)

# O VII Fugas e Interferencias repasa as tendencias internacionais na performance

O congreso celébrase en Pontevedra e Compostela entre os días 16 e 18 de setembro

*13 / 9 / 2022* / *Santiago. Redacción* / *arte (tematica.php?tematica=arte)*



4
Veces compartido
Compartir
Twittear
Compartir
Compartir

A sétima edición do congreso internacional Fugas e Interferencias volta para analizar as últimas tendencias internacionais no campo da performance artística. Unha vintena de especialistas vidos de cinco países reúnense neste encontro anual que organizan a Universidade de Vigo e o Centro Galego de Arte Contemporánea entre os días 16 e 18 de setembro coa súa sede repartida entre a Casa das Campás Pontevedra e a sede do CGAC en Compostela.

Segundo explica a organización, o encontro achegará "reflexións teóricas sobre a historiografía da arte de acción, as posibilidades da performance como elemento pedagóxico, as interrelacións entre esta disciplina e a danza conceptual ou o seu uso no activismo cultural, político e de xénero".

Nas seis mesas que fan parte do programa abordaranse "aspectos de activismo cultural, político e de xénero, reflexións teóricas sobre a historiografía da arte de acción ou aspectos filosóficos que poñen en cuestión a ideoloxía das narrativas documentais", ademais de tratar a acción como obxecto e como dispositivo pedagóxico, e de atender á interrelación coas artes escénicas experimentais no ámbito sonoro ou en relación coa arte conceptual, sinala a organización.

Ademais de reflexións teóricas, a cita conta no seu programa coa presentación de dúas performances o día 16 a cargo do Colectivo Refugallo e Yolanda Herranz.

**Ligazóns**

- Web de Fugas e Inteferencias (https://fugaseinterferencias.com/)
- Presentación de Fugas e Interferencias no web da Universidade de Vigo (https://www.uvigo.gal/universidade/comunicacion/duvi/especia cinco-paises-reuniranse-nun-congreso-que-busca-potenciar-investigacion-performance)